

25 DE NOVEMBRO

DÍA INTERNACIONAL CONTRA A VIOLENCIA DE XÉNERO



Actividades para nenas e nenos de infantil

Con rapaces destas idades o máis adecuado é traballar desde tres planos :

- a expresión dos sentimentos
- a empatía (aínda que son pequenos)
- a educación en igualdade a través de rutinas e tarefas cotiás para que, deste xeito, comecen a desenvolver actitudes de respecto e tolerancia cara a figura da nai, o pai, os irmáns e, por extensión, cara ao seu grupo de iguais; partindo de que somos diferentes pero iguais.

E é neste último punto onde propoñemos a intervención na aula.

Aproveitando os recunchos da nosa aula levaremos a cabo xogos nos que nenos e nenas adoptan diferentes papeis como: pasar o ferro, coidar a un bebé, xogar a bombeiros, a médicos, no taller mecánico ..., observando primeiro cales son as súas condutas para despois orientalos á realización de tarefas do tipo nenas no taller, nenos fregando a louza, nenas facendo construcións..., sempre dun xeito lúdico e respectando os principios de observación, asociación e expresión.

Despois do xogo levaremos o traballo á área da plástica e da linguaxe e con folios de din A3 colocados nas paredes debuxaranse a si mesmos e aos compañeiros realizando esas tarefas e posteriormente, con papeis de seda, pinocho..., colocados enriba dos debuxos destacarán á persoa que realiza a tarefa.

Posteriormente e de forma oral verbalizarán o debuxado: *"aquí debuxei a Issac fregando a louza e a Xiana arranxando este coche,..."*

Tamén nas rutinas da aula recurriremos indistintamente a nenos e nenas para recoller papeis do chan, repartir os manteis da merenda, ordenar a biblioteca de aula, participar en todo tipo de xogos físicos na aula de psicomotricidade,... O ideal sería que todo isto se estendese á familia, e podemos facelo enviando unha circular aos fogares na que, de xeito respectuoso, tentando evitar enfrontamentos ou ferir, expliquemos o que estamos a facer na aula, aclarando os obxectivos que pretendemos conseguir coas actividades que estamos realizando.